

## **Alberto Cruz Bravo: O postcolonialismo no existe. Existe o neocolonialismo, asentado no feminismo, a globalización e as migracións**

- *O licenciado en Ciencias da Información e Políticas, que oocupou o lugar de Emanuela Forniari, coincide con ela en que as categorías universais están feitas á medida dos países occidentais e impoñenas ao resto das culturas*
- *Cruz apunta a perda da hexemonía Occidental e a figura de China, Rusia, Irán e incluso Venezuela, como novos axentes xeopolíticos*

**Pontevedra, 23 de abril de 2019.-** A segunda xornada da XXXVI Semana de Filosofía, 'Filosofía e fronteira', botou a andar coa figura de Alberto Cruz, que substituíu co seu relatorio o de Emanuela Forniari.

Licenciado en Ciencias da Información e Ciencias Políticas, impartiu cursos e seminarios sobre Comunicación e Relacións Internacionais en diversas universidades e, a requirimento de diferentes organizacións sociais, tamén en diferentes países de América Latina (Ecuador, Venezuela, México) e do Estado español. Escribe artigos en medios de comunicación alternativos, dirixiu e escribiu guións para documentais e é autor de varios libros. O último, publicado en 2013, leva por título *As bruxas da noite. O 46 Rexemento Taman de aviadoras soviéticas na II Guerra Mundial*. Na actualidade colabora co Centro Político para as Relacións Internacionais e o Desenvolvemento (CEPRID). Non foi a súa primeira vez na Semana e, Ana Regueira, na súa presentación, sinalouno como un deses homes imprescindibles, logo de agradecer o feito de afrontar un relatorio con tan pouca antelación.

Antes de iniciar a súa intervención, Alberto ensalzou a Semana e a súa longa traxectoria, apuntando que “non coñezo outro proxecto como este en todo o estado español nin da calidade humana dos membros da Aula Castela” e desculpou a variación respecto do tema que ía presentar Forniari pese a que “o que eu veño a plantexar ten que ver tanxencialmente co que ela ía falar. Forniaria afirma – e eu coincido con ela - que **as categorías universais están marcadas e feitas a medida polos países occidentais a través do feminismo, a globalización, as migracións**. Pero difiro con ela en non existe unha postura postcolonialista, como ele lle da en chamar. Existe o neocolonialismo, provocado porque **Occidente non controla o mundo por primeira vez. China, Rusia, Irán e tamén Venezuela son os novos actores xeopolíticos**”

Cruz Bravo apuntou que as experiencias, os estereotipos do entorno, etc. sempre condicionan. “Tendemos a interpretar o mundo segundo o noso propio embigo sen ter

en conta outras culturas. Calquera teórico que se aproxime á realidade, faino segundo os **factores culturais, nacionais e ideolóxicos**, porque **ninguén, por moito que o diga, é independente**. Todo o mundo realiza elaboración teórica en base a eses parámetros.

Con **efecto 8M** tan próximo, cabe preguntarse se **o feminismo que se define aquí, é o feminismo que hai que defender en todo o mundo**. Hai outras realidades **totalmente diferentes, como o que está pasando en Sudán**. Hai un descoñecemento absoluto da realidade política dese país, árabe e africano onde as mulleres levan tamén anos de loita. Cruz apuntou á figura de **Fátima Ahmed Ibrahim, pioneira da loita feminista cando en occidente aínda non agromara**, cunha traxectoria política enfocada á liberación da muller, non só de Sudán, senón da muller árabe. Pasou a vida entrando e saíndo do cárcere para pelexando pola liberación. Non priorizou o feminismo sobre a loita de clases, porque ambas teñen que ir da man e tamén que a muller sudanesa non ten que ser copia da occidental. Centrou a a **emancipación da muller sudanesa na educación e e xustiza social**. Fátima apuntaba a igualdade entre todas as mulleres na toma de decisión, pero. Ninguén a coñece e nin a todos os seus libros, escritos en árabe, dos que só un par foron traducidos ao inglés. Loita en Sudan, sempre estivo combinada coa **identidade e tradicións**, e ela sempre usou velo, en parte para diferenciarse da muller occidental. Mulleres do sector textil con velo branco, son fundamentais na loita sindical. **“Hai moitas cuestións descoñecidas polo feminismo occidental e, se se coñecen e non se difunden, estamos a meter a pata e sendo cómplices do neocolonialismo.”**

No apartado das **migracións**, Cruz coincide con discurso de onte de Ángeles Díez, apuntando como o poder as emprega - e tamén a linguaxe - para criminalizar aos migrantes como fixo canalizando os bos sentimentos das sociedades occidentales no tema dos refuxiados.. Afirmo que **‘Non hai mesaxes inocentes, poder emprega discurso para controlar e dominar’**. Sina datas clave como en 2011 a revolta en Túnez, de clase media e tamén nos barrios de Marsella onde comeza a ter o **seu caldo de cultivo o fascismo, porque os gobernos comezan a canalizar a migración**. O mesmo ano pasou en Libia, que cando foi bombardeada, migraron cara lampedusa. E tamén de Turquía cara Alemania onde comeza o tema da comercialización dos bos sentimentos co “wellcome refugees” en 2015 e muda o

proceso na Unión Europea, que se amosa predisposta a acollida. Cruz apuntou tamén a loita de Turquía por adherirse a esta e como o rexeitamento supoxo que, na actualidade estea aliada a outros países que están en loita con occidente, por non ser aceptada. Os **intereses políticos e económicos** quedan patentes de novo en Alemania en 2015 onde se **aceptaron os migrantes** para ser man de obra barata e gañar así a loita contra os sindicatos e, cando cumpriron o seu papel, **a política muda de novo e son criminalizados: refuxiados terroristas.**

A **globalización**, outro dos puntos nos que se fundamenta o neocolonialismo, **supuxo a destrucción de todos os dereitos laborais** e provocou algo que o capitalismo occidental non agardaba: competidores: China puxo en solfa a hexemonía occidental coa axuda de Rusia, Irán e tamén Venezuela. **Eurasia de está pivotando a nova hexemonía** porque o comportamento destes novos axentes xeopolíticos, non inxerentes e con diplomacia (en Europa cando non lle conveñen as súas normas re reglamentos son destruídos). Estase a plantexar unha nova **orden mundial baseada en normas**, porque as que hai a Occidente xa non lle serven pola existencia destes novos axentes e, con fin de reducir a nova hexemonia destes e manter o control dos reursos enerxéticos, occidente lanza guerras.

Sobre a xestión de fronteiras hai **un intento de rediseñar as fronteiras por parte de occidente, dende un novo punto de vista colonial, para a súa supervivencia. Establecer fronteiras non so de pobos ou razas, senon tamén por cuestións relixiosas.** Occidente tenta debilitar estes estados fortes e díscolos en Oriente Próximo, debilitalos primeiro e logo convertelos en vasallos seus e de EEUU.

Departamento prensa e comunicación.

Ana Buela 659748631 – prensa@aulacastelao.gal